

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 3 DE XANEIRO DE 2018.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de xaneiro de dous mil dezaoto ; as once horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. –

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteseis de decembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 2398/2017 RIB / C/95.1/17

Visto o escrito presentado por **Don Javier Iglesias Sendín**, onde solicita Licenza de Obras para acondicionamento de construción para almacén agrícola en Os Velos ,San Cristovo ,referencia catastral 32070A01201710000YL segundo Proxecto de “ Acondicionamento de Construción para Almacén Agrícola ” visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de Ourense de data 1 de decembro de 2017, asinada polo enxeñeiro técnico D Manuel Rojo López e Anexo I con data de visado de 29-12-2017 redactado polo mesmo técnico

Consta Proxecto de “ Acondicionamento de Construción para Almacén Agrícola ” visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de Ourense de data 1 de decembro de 2017, asinada polo enxeñeiro técnico D Manuel Rojo López e Anexo I con data de visado de 29-12-2017 redactado polo mesmo técnico

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 2 de xaneiro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 2 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención de don Javier Iglesias Sendín, acorda :

Conceder licencia a don Javier Iglesias Sendín para acondicionamento de construción para almacén agrícola en Os Velos ,San Cristovo ,referencia catastral 32070A012011710000YL segundo Proxecto de “ Acondicionamento de Construción para

Almacén Agrícola ” visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de Ourense de data 1 de decembro de 2017, asinada polo enxeñeiro técnico D Manuel Rojo López e Anexo I con data de visado de 29-12-2017 redactado polo mesmo técnico

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter *esta a* anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Acondicionamento de Construcción para almacén agrícola

Contía na que se orzan as obras: 20.635,02 €

Situación e emprazamento das obras: Rúa Pequena nº3, San Cristovo.

Nome ou razón social do promotor: Javier Iglesias Sendín

Director de Obra: D Manuel Rojo López

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezaoto (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 5/12/2017, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 468 euros, non procede a práctica de liquidación complementaria.

OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras axustaranse ao Proxecto de “ Acondicionamento de Construcción para Almacén Agrícola ” visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de Ourense de data 1 de decembro de 2017, asinada polo enxeñeiro técnico D Manuel Rojo López e Anexo I con data de visado de 29-12-2017 redactado polo mesmo técnico

O artigo 39 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia establece:

” Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

E) Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica”

O Real decreto lexislativo 7/2015 que aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana , no seu artigo 65 Actos inscribibles prescribe:

“ serán inscribibles no rexistro da propiedade

d) As condicións especiais a que se suxeiten os actos de conformidade ou autorización administrativa, nos termos previstos polas leis”

O Real Decreto 1093/1997 que aproba as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lexislación Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística:

-artigo 1 actos inscribibles:” Serán inscribibles no Rexistro da propiedade, asemade aos actos expresamente regulados neste real decreto os seguintes:

4 as condicións especiais de concesión de licenzas nos termos previstos nas leis.

-artigo 74 Nota marxinal de condicións impostas sobre determinadas fincas.

“ Cando con ocasión da concesión de licenzas ou de autorizacións de outras resolucións administrativas , se impoñan condicións que teñan que cumprirse na finca a que afectan , con arreglo ás leis ou aos plans, tales condicións poderán facerse constar no rexistro da propiedade mediante nota marxinal.

1 A nota marxinal tomarase a instancia do titular da finca ao que se acompañe certificación administrativa na que conste literalmente o acordo adoptado”

Polo tanto, debe emitirse certificación do acordo outorgatorio da licenza e o titular da mesma proceder a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de primeira ocupación.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de don Alberto Vázquez Vázquez , funcionario do Corpo da Policía Local do concello de Ribadavia, con número de rexistro de entrada no concello 5962 de 19 de decembro de 2017, proponendo medidas para compensar os festivos e noites non realizadas durante o ano 2017.

Vista a Lei de Coordinación das Policía Local de Galicia , artigo 48.3:” As retribucións complementarias dos funcionarios dos Corpos de Policía Local se fixarán regulamentariamente , dentro dos límites fixados pola lexislación vixente , de acordo cos seguintes criterios:

- a) Nivel de formación.
- b) Réxime de incompatibilidades.
- c) Movilidade por razón do servizo.
- d) Adicación.
- e) Risco que conleva su misión.
- f) Especificidade dos horarios de traballo.
- g) Peculiar estrutura.

Vista a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 18 de maio de 2011 que prescribe que debe percibirse o concepto de nocturnidade dentro do complemento específico de maneira proporcional en función das noites efectivamente realizadas.

Visto o informe do Xefe da Policía Local de data 27 de decembro de 2017 no que se indica”Que salvo error u omisión algunos períodos o cantidades que se citan en el mismo no se ajustan a la realidad ...Lo que si tengo que manifestar es que no puedo emitir informe en contra del acuerdo tomado por la Junta de Gobierno Local , en sesión celebrada el día 22 de enero de 2007, notificación número 123 de 23 de enero de 2007. El cual , no habiendo otro pronunciamiento en su contra, es el que debe aplicarse”

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xaneiro de 2007 no que se indica” Plus de nocturnidade e festividade da policia local....

Primeira. Para a percepción do plus de nocturnidade será requisito indispensable a realización anual dun mínimo de 28 e un máximo de 31 noites. No suposto de realizar menos ou máis noites das establecidas, descóntarase ou aboarase a cantidade correspondente nas nóminas de xaneiro ou febreiro....

Segunda. Para a percepción do plus de festividade será requisito indispensable a realización anual dun mínimo de 19 e un máximo de 22 días. No suposto de realizar menos ou máis

festivos dos establecidos, descóntarase ou aboarase a cantidade correspondente nas nóminas de xaneiro ou febreiro....

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

- Aplicar o acordo da xunta de goberno local de data 22 de xaneiro de 2007, desestimando a solicitude formulada con número de rexistro de entrada 5962 de 19 de decembro de 2017.

-Escrito de don José Dieguez García , con rexistro de entrada no concello 6033 de 26 de decembro de 2017, solicitando prórroga de licenza de obra.

Considerando que con data de 26 de xuño de 2017 a Xunta de goberno local acadou o seguinte acordo:

Visto o escrito presentado por **Don José Dieguez García**, onde solicita Licenza de Obras para rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar en Santo André de Camporredondo , segundo o proxecto básico e de execución para rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto don Gonzalo Moure Ferreiro visado núm. 1605694,4 con data 10.01.2017

Consta proxecto básico e de execución para rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto don Gonzalo Moure Ferreiro visado núm. 1605694,4 con data 10.01.2017

Con rexistro de entrada no concello 2797 de data 19 de xuño de 2017 achegase Resolución favorable da Axencia Galega de Infraestruturas para obras de conservación de edificación.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 23 de xuño de 2017.

Consta informe do Secretario municipal de data 26 de xuño de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia a don José Dieguez García para rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar en Santo André de Camporredondo , segundo o proxecto básico e de execución para rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto don Gonzalo Moure Ferreiro visado núm. 1605694,4 con data 10.01.2017

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar

Contía na que se orzan as obras: 10.472,43 €€

Situación e emprazamento das obras: Santo André de Camporredondo.

Nome ou razón social do promotor: José Dieguez García

Director de Obra: Gonzalo Moure Ferreiro

Director de execución material das obras: Jose Angel Pousa Rodríguez

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 17/10/2017, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 272,28 euros.

OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras axustaranse ao proxecto básico e de execución para rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto don Gonzalo Moure Ferreiro visado núm. 1605694,4 con data 10.01.2017

O promotor deberá cumprir coas condicións particulares e xerais que veñen recollidas na Resolución Favorable emitida pola Axencia Galega de Infraestruturas. Adxúntase copia de dita resolución á notificación

Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de primeira ocupación.

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia , artigo 145.2 :” Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”

A xunta de goberno acorda:

-Conceder unha prórroga a don José Dieguez García para executar a licenza de obras para rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar en Santo André de Camporredondo, concedida por xunta de goberno local de data 26 de xuño de 2017.O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o prazo de remate de dezaoito , a contar dende o día seguinte ó de notificación do presente acordo.

-Escrito de don Julio Touza Rodríguez transmitindo ao alcalde e aos representantes dos grupos municipais, o agradecemento polo acordo do pleno de honrar a memoria das irmáns Touza e ofrecendo a súa colaboración ao respecto.

-Escrito de don José Manuel Feijoo Alvarez solicitando a limpeza e reparacións de camiño en A Quinza. A xunta de goberno local acorda comunicarlle que na medida das posibilidades do concello atenderase o solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito do Xefe da Policía local informando sobre o número de festivos e de noites realizado por cada axente da Policía Local .A xunta de goberno acorda que se procederá a regularizar as retribucións consonte aos acordos previamente adoptados.

-Escrito do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria comunicando a subvención para a contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Oferta pública ao INEM para contrato de substitución de profesora de música

Tendose producido a baixa médica dunha profesora do conservatorio, estando traballando o profesor de música das listas de substitución co cal declina o contrato, a Xunta de Goberno acorda formular oferta pública ao INEM para a formalización dun contrato laboral temporal

de substitución de profesor de música, especialidade piano, mentras está de baixa a profesora titular.

PLUS NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE DA POLICIA LOCAL.-

Consta acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.01.2007 que de seguido transcribese:

PLUS NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE DA POLICIA LOCAL.-

Co obxecto de establecer criterios obxectivos para a percepción do plus de nocturnidade e de festividade por parte dos membros da Policía Local de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda o seguinte:

Primeiro.- Para a percepción do plus de nocturnidade será requisito indispensable a realización anual dun mínimo de 28 e un máximo de 31 noites. No suposto de realizar menos ou máis noites das establecidas, descóntarase ou aboarase a cantidade correspondente nas nóminas de Xaneiro ou Febreiro do ano seguinte. Salvo circunstancias excepcionais tratarase de que todos os membros da Policía Local realicen a mesma cantidade de servizos.

Segundo.- Para a percepción do plus de festividade será requisito indispensable a realización anual dun mínimo de 19 e un máximo de 22 días. No suposto de realizar menos ou máis festivos dos establecidos, descóntarase ou aboarase a cantidade correspondente nas nóminas de Xaneiro ou Febreiro do ano seguinte. Salvo circunstancias excepcionais tratarase de que todos os membros da Policía Local realicen a mesma cantidade de servizos.

Terceiro.- Que se inicien os trámites oportunos, co obxecto de introducir ditos criterios no Regulamento da Policía Local de Ribadavia.

Cuarto.- Notificar o presente acordo o Cabo Xefe da Policía Local, os efectos da súa aplicación dende o 01-01-07.

Consta acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.02.2007, que de seguido transcribese:

PLUS NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE DA POLICIA LOCAL ANUALIDADE 2017.-

Visto o informe do Sr. Cabo Xefe da Policía Local de data 22 de decembro de 2017. no que se reflicte o resumen anual de servizos prestados en nocturnidade e festividade pola plantilla da policía local os efectos de regularizar, se procede, o abono dos pluses de nocturnidade o festividade.

Consta acordos da Xunta de Goberno Local de data 22.01.2007, 26.02.2007 así como diversos acordos e escritos dos membros da Policía Local que se achan no expediente, en concreto escrito de data 27 de decembro de 2013, relativo as festividadeas.

Consta informe do Sr. Interventor municipal de data 03.01.2018.

Considerando o informe da Policía Local de data 22.12.2017 e os diversos acordos adoptados pola Corporación Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda o seguinte:

1º.- Aboar ou detraer os axentes da policía local, salvo erro ou omisión, as cantidades que se relacionan de seguido de acordo cos servizos prestados durante o ano 2017 e que son os seguintes:

EUGENIO REY RODRIGUEZ

Nocturnidade: Descontar 379,20 euros (8 noites)
Festividade: Descontar 328,58 euros (7 días).

CAMILO PEREZ MARTINEZ.

Festividade: Aboar 140,82 euros (3 días).

GUSTAVO BANGUESES GIL.

Nocturnidade: Descontar 94,80 euros (2 noites)
Festividade: Aboar 93,88 (2 días).

ALBERTO VAZQUEZ VAZQUEZ.

Nocturnidade: Descontar 948 euros (20 noites).
Festividade: Descontar 234,70 euros (5 días).

JULIO FEJOO SANCHEZ.

Nocturnidade: Descontar 379,20 euros (8 noites).
Festividade. Aboar 187,76 euros (4 días).

JOSE ANTONIO COCA RODRIGUEZ.

Nocturnidade: Descontar 189,6 euros (4 noites).
Festividade: Aboar 93,88 euros (2 días).

2º.- Notificar o presente acordo os interesados e os servizos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once horas e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico



Concello de Ribadavia